REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 05.09.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
31 AGO. 2018
Núm. 10591

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 5 de setembro de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

33128 (10/CPC-000070)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da Sra. directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, por petición propia, para dar conta do procedemento de contratación da campaña de verán
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 335, do 11.07.2018

Punto 2. Pregunta

33821 (10/POC-005298)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Barreira, María Julia e 9 máis
Sobre os programas de axudas que a Secretaría Xeral de Igualdade pon á disposición dos concellos e as axudas solicitadas, concedidas e rexeitadas polo Concello de Monforte de Lemos
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 344, do 01.08.2018

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 33254 (10/PNC-002722)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán e as carencias de profesionais existentes nos hospitais do Sergas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018

3.2 33386 (10/PNC-002736)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
31 AGO. 2018
Núm. 10591

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego diante das carencias de persoal existentes no Centro de Saúde de Soutomaior
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez, na data 31/08/2018 09:49:42

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 05.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 05.09.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 33128(10/CPC-000070)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da Sra. directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, por petición propia, para dar conta do procedemento de contratación da campaña de verán

Publicación da iniciativa, 335, 11.07.2018

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 4 XUL. 2018
Núm. 33128

galicia
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 XUL. 2018
SAÍDA
Num. 248

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego- da directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para dar conta ***"sobre o procedemento de contratación da Campaña de Verán"***

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 04/07/2018 11:03:26

CVE: 7qQ0e3I3W1
Validación: https://sede.xunta.gal/cve

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 05.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. pregunta

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 05.09.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 33821(10/POC-005298)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 9 máis

Sobre os programas de axudas que a Secretaría Xeral de Igualdade pon á disposición dos concellos e as axudas solicitadas, concedidas e rexeitadas polo Concello de Monforte de Lemos

Publicación iniciativa vía urxencia, 344, 01.08.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2018 13:00
Nº Rexistro: 33821
Data envio: 27/07/2018 13:00:28.824

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Mª Julia Rodríguez Barreira, Marián García Míguez, Encarna Amigo Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes neste tema.

A Concelleira de Igualdade do Concello de Monforte de Lemos ven de denunciar públicamente que non recibe axudas doutras administracións, e mesmo a falta de apoio da Xunta de Galicia e do goberno central.

Tendo coñecemento dos múltiples programas de axudas que a Secretaría Xeral de Igualdade pon a disposición dos Concellos, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas en Comisión:

1. Cal é a relación de axudas que a Secretaría Xeral de Igualdade ten posto a disposición das Entidades Locais no exercicio 2017 e no que vai de 2018?
2. Cales desas axudas foron solicitadas polo Concello de Monforte de Lemos?
3. Cales das axudas solicitadas polo Concello de Monforte de Lemos foron concedidas, por qué importes e cales foron rexeitadas e cales foron os motivos do rexeitamento de ser o caso?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2018 13:00
Nº Rexistro: 33821
Data envio: 27/07/2018 13:00:28.824

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Julia Rodriguez Barreira na data 27/07/2018 12:56:20

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/07/2018 12:56:38

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2018 12:56:50

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/07/2018 12:57:01

Marta Rodriguez Arias na data 27/07/2018 12:57:08

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/07/2018 12:57:30

María Soraya Salorio Porral na data 27/07/2018 12:57:53

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 12:58:30

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 12:59:15

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/07/2018 12:59:34

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 05.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 05.09.2018 Hora: 10:30
Orde do día

3.1 33254(10/PNC-002722)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán e as carencias de profesionais existentes nos hospitais do Sergas

Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 11:10
Nº Rexistro: 33254
Data envio: 09/07/2018 11:10:28.908

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Un ano máis, coa chegada do verán, a Consellería de Sanidade pon en marcha o peche de camas nos hospitais da rede pública, situación que só empeora as xa alarmantes listas de espera e crea as condicións idóneas para que se sigan a producir os xa coñecidos colapsos nas urxencias.

Así mesmo, consultas e probas de atención especializada vense afectadas pola non cobertura dos permisos do persoal. Circunstancia afecta tamén ao diagnóstico e o control das diferentes patoloxías.

Ademais dos servizos hospitalarios, os peches tamén afecta a consultas na atención primaria, tamén coa non cobertura dos permisos vacacionais, aforrando os costes de substitucións, pero afondado na precarización dos dereitos laborais.

Esta situación agrávase cada ano, cun incremento no peche destes servizos. De feito, a estas alturas son xa varios os hospitais e centros de saúde que están a sufrir estas carencias de servizos, existindo denuncias por parte da Xunta de persoal dos respectivos hospitais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 11:10
Nº Rexistro: 33254
Data envio: 09/07/2018 11:10:28.908

No CHUO, por exemplo, están a denunciar que baixo os eufemismos de "flexibilización da hospitalización ou de camas de expansión" existen unidades baleiras pero doentes amontoados en salas sen ventilación nin intimidade.

No CHOP, a xerencia acaba de anunciar o peche de 80 camas que comezarán en xuño na unidade de lactancia e continuarán durante os meses de xullo, agosto e setembro en outras unidades como medicina interna, pneumoloxía ou traumatoloxía.

No Salnés, o peche estrutural que se produce todos os veráns na terceira planta, está xa a ter as súas consecuencias como a derivación dos partos a Pontevedra.

No CHUAC, o peche de 170 camas está a provocar saturacións en urxencias, consecuencia tamén dun desmantelamento da atención primaria no que a falta de cobertura dos postos de traballa, aumenta a demora nas citas e obriga a moitas persoas a acudir ás urxencias hospitalarias.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia:

- Levar a cabo unha cobertura axeitada dos permisos das e dos profesionais que permitan manter os mesmos servizos que o resto do ano.
- Presentar unha planificación a medio prazo para poder contar con profesionais suficientes naquelas categorías e especialidades onde se evidencie carencias dos mesmos.
- Entregar informe aos Grupos Parlamentarios sobre os datos dos servizos pechados durante o verán.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 11:10
Nº Rexistro: 33254
Data envio: 09/07/2018 11:10:28.908

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/07/2018 11:09:40

Luis Villares Naveira na data 09/07/2018 11:09:48

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 05.09.2018 Hora: 10:30
Orde do día

3.2 33386(10/PNC-002736)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego diante das carencias de persoal existentes no Centro de Saúde de Soutomaior

Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:39
Nº Rexistro: 33386
Data envio: 12/07/2018 11:39:16.825

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa as medidas a tomar diante da falta de persoal no Centro de Saúde de Soutomaior.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa ben tempo que no concello de Soutomaior estamos a vivir serios problemas con respecto á sanidade pública. Problemas que afectan de maneira directa á veciñanza e que son froito dos recortes do PP en materia de sanidade. Problemas que se concretan en carencias de servizos sanitarios importantes, en semanas enteiras e mesmo meses nos que os veciños quedan sen cobertura pediátrica no concello xa que o SERGAS non cubre as vacacións, en esperas de varias horas nos nosos centros de saúde, ou no feito de que haxa veciños que non poden darse de alta nos centros na atención primaria de Arcade porque os cupos están saturados.

Por iso, dende o BNG levamos adiante diferentes iniciativas para solucionar esta realidade. Medidas propositivas para tratar de mellorar esta

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:39
Nº Rexistro: 33386
Data envio: 12/07/2018 11:39:16.825

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

situación como a recollida de sinaturas para demandar servizo de pediatría e diferentes iniciativas municipais e parlamentarias esixindo a solución destes problemas.

Hai xa tres semanas que o representante municipal do BNG escribiu unha carta urxente ao alcalde deste concello propoñendo un acordo de todos os grupos municipais para a defensa da sanidade pública. Nesta proposta solicitábase algo tan necesario e evidente como unha xuntanza de todos os grupos co conselleiro de sanidade para dende o acordo e a unidade resolver os problemas da sanidade pública de Soutomaior. Semanas despois, o alcalde nin sequera se molestou en contestar nunha actitude que ,sen dúbida, a veciñanza non merece.

Ante ao silencio do PP de Soutomaior e a pasividade do PP na Xunta, @s veciñ@s padecen unha situación de desmantelamento da sanidade que ten graves consecuencias para o servizo sanitario. Hoxe por hoxe os médicos de Soutomaior teñen que atender ata a 65 pacientes por día.

Temos que ver como nun concello con 7400 habitantes temos tan só dous médic@s a xornada completa e outro na práctica con xornada parcial cando en concellos veciños de 6000 habitantes hai ata 4 médicos.

Temos que ver como nun centro con alta demanda como é o de Arcade, o servizo de pediatría desaparece durante semanas enteiras porque o SERGAS non cubre as baixas.

Temos que ver como @s veciñ@s teñen que agardar durante horas para ser atendidos por mor da saturación das consultas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:39
Nº Rexistro: 33386
Data envio: 12/07/2018 11:39:16.825

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Temos que ver como as citas se demoran durante días e mesmo dunha semana para outra nas épocas de máis saturación.

Temos que ver como os cupos sanitarios están desbordados e superan con moito as recomendación dos colectivos profesionais como a Sociedade Española de médicos de familia que recomenda un máximo de 1200 pacientes por médico cando en Soutomaior hai ata 1800.

Temos que ver como hai veciñ@s quen non poden darse de alta no seu centro de saúde porque os cupos están saturados e non admiten máis pacientes.

Temos que ver mesmo como o centro de saúde queda sen ningún médico porque @ únic@ titular que estaba no día ten que saír a atender urxencias, co risco evidente que iso implica para a poboación no caso dunha urxencia vital.

E por se isto non fose dabondo, temos que ver como nestes días o SERGAS acaba de facer público que o centro de saúde de Soutomaior estará sen ningún médico durante varios días neste mes de xullo e a única solución que se lle dá aos pacientes é que se hai algunha urxencia acudan ao PAC da Parda, a máis de 15 km de distancia.

Ante esta situación que padecen @s veciñ@s de Soutomaior a resposta das administración responsables é sempre a mesma: o goberno local cala, non tramita as mocións en defensa da sanidade pública que se aproban no pleno e nin sequera contesta ás cartas dos representantes do BNG para reunirnos cos responsables do SERGAS. Pola súa banda, o PP da Xunta impide constantemente estas melloras que precisan @s veciñ@s votando en contra das emendas aos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:39
Nº Rexistro: 33386
Data envio: 12/07/2018 11:39:16.825

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

orzamentos da Xunta presentadas polo BNG ou votando en contra de iniciativas parlamentarias do BNG que pedían máis médicos para Soutomaior.

A veciñanza de Soutomaior, farta desta situación, saíu á rúa o pasado 29 de outubro nunha importante mobilización que demanda estas melloras tan reais como necesarias para a sanidade de Soutomaior. Mobilizacións que se verán na obriga de continuar, se o Partido Popular non atende estas demandas xustas e urxentes da veciñanza de Soutomaior. Cremos que é obriga dunha administración responsábel e sensibilizada coa sanidade pública, atender esta grave situación.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Que manteña o servizo médico no centro de saúde de Soutomaior nos días 16, 17 23, 26 e 27 de xullo nos que o SERGAS anunciou que quedaría sen médicos.

Que dote ao concello de Soutomaior do número de médicos necesarios até completar como mínimo catro xornadas completas, de maneira que se garanta unha atención sanitaria digna para a veciñanza.

Que dote de tod@s @s sanitari@s necesari@s para atender á poboación (enfermeir@s, auxiliares, celadores,etc)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:39
Nº Rexistro: 33386
Data envio: 12/07/2018 11:39:16.825

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que cubra as baixas de tod@s @s profesionais, especialmente d@s médic@s de familia e @s Pediatras para garantir que nun centro de alta demanda @s veciñ@s teñan garantido o acceso ao servizo."

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 12/07/2018 11:38:37

Ana Pontón Mondelo na data 12/07/2018 11:38:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:39
Nº Rexistro: 33386
Data envio: 12/07/2018 11:39:16.825

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/07/2018 11:38:43

Olalla Rodil Fernández na data 12/07/2018 11:38:45

Noa Presas Bergantiños na data 12/07/2018 11:38:46

Xosé Luis Bará Torres na data 12/07/2018 11:38:48